

SESIÓN ORDINARIA DE 1 DE MARZO DE 2.013

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e catorce minutos do día 1 de marzo de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D^a María Begoña Seco Varela, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Serafín Vázquez Arias, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2012

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 28 de decembro de 2012.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE RECOLLIDA E COIDADADO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

O Alcalde expón sucintamente a seguinte proposta de resolución:

“PROPOSTA DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVICIO DE RECOLLIDA E COIDADADO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

Artigo primeiro.- Imposición e Ordenación:

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servico de recollida e coidado de animais domésticos e salvaxes en catividade.

Artigo Segundo.- Feito Impoñible:

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recollida de animais domésticos e salvaxes en catividade, así coma o seu coidado ata que sexan recollidos, reclamados ou sacrificados.

Artigo terceiro.- Suxeitos pasivos:

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que posuidores do animal o quen o viñera sendo ata o momento do seu abandono ou extravío.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo sustituto do contribuínte o propietario do animal, cando este non fora o posuidor.

Artigo cuarto.- Cuota tributaria.

As cuotas tributarias serán as seguintes:

- Pola prestación do servizo a solicitude do propietario ou posuidor previa entrega do animal ao xestor municipal: 75 euros.
- Pola prestación do servizo de oficio, ben como consecuencia da incautación do animal, ben coma consecuencia do seu extravío ou abandono: 150 euros.

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Prezos ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.

Artigo quinto.- Devengo

A taxa devéngase e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada coa recollida do animal doméstico ou salvaxe en catividade.

Artigo sexto.- Declaración e ingreso

No suposto de prestación do servizo a instancias do beneficiario, a taxa xestionarase en réxime de autoliquidación. No suposto de que a prestación do servizo se realice de oficio polo concello a xestión se realizará mediante liquidación tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou derogación expresamente.

En Outeiro de Rei, a 15 de febreiro de 2012”

O Alcalde xustifica a diferenza de trato fiscal entre aqueles que entregan os cans á protectora e aqueles outros que os abandonan tanto polo incremento de traballo que produce a segunda actuación, xa que hai que buscar o can e atrapalo, coma no risco que implica o abandono para a seguridade pública e no propio maltrato animal.

Por outra banda, expón sucintamente a memoria económica –especialmente o custe coa sociedade protectora de animais e prantas- na que se acredita que a recadación prevista será inferior ao custe do servizo.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que no caso de extravío do can non se debería dar o mesmo tratamento fiscal que no caso de abandono. Tamén plantéxa a necesidade de establecer diferentes cuotas en función da tipoloxía do animal.

Tras un breve debate, o Alcalde propón enmendar a proposta no sentido de que o extravío acreditado (por exemplo, mediante denuncia), teña asignada unha cuota de 75 euros.

Polo tanto, o texto da ordenanza quedaría redactado como segue:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA E COIDADO DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES EN CATIVIDADE

Artigo primeiro.- Imposición e Ordenación:

Ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, e de conformidade co disposto nos seus artigos 15 a 17, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de recollida e coidado de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.

Artigo Segundo.- Feito Imponíble:

Constitúe o feito imponíble da taxa a prestación do servizo de recollida de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, así coma o seu coidado ata que sexan recollidos, reclamados ou sacrificados.

Artigo terceiro.- Suxeitos pasivos:

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria que posuidores do animal o quen o viñera sendo ata o momento do seu abandono ou extravío.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario do animal, cando este non fora o posuidor.

Artigo cuarto.- Cuota tributaria.

As cuotas tributarias serán as seguintes:

- Pola prestación do servizo a solicitude do propietario ou posuidor previa entrega do animal ao xestor municipal ou no caso de extravío debidamente acreditado: 75 euros.
- Pola prestación do servizo de oficio, ben como consecuencia da incautación do animal, ben coma consecuencia do seu abandono: 150 euros.

As cuotas contidas na presente Ordenanza experimentarán un incremento anual igual ao incremento que experimente o Índice de Prezos ó Consumo fixado polo INE a nivel nacional a día 31 de decembro de cada ano.

Co gallo de mellorar a seguridade xurídica, a Xunta de Goberno publicará no primeiro bimestre de cada ano as contías da cuota tributaria resultantes de ditas actualizacións.

Artigo quinto.- Devengo

A taxa devéngase e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada coa recollida do animal doméstico ou salvaxe en cativeidade.

Artigo sexto.- Declaración e ingreso

No suposto de prestación do servizo a instancias do beneficiario, a taxa xestionarase en réxime de autoliquidación. No suposto de que a prestación do servizo se realice de oficio polo concello a xestión se realizará mediante liquidación tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor en tanto a Corporación Municipal non acorde a súa modificación ou derogación expresamente.”

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación inicial do texto así redactado.

Realizada a votación, a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida e coidado de animais domésticos e salvaxes en cativeidade resulta aprobada inicialmente con oito votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

3. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

“PORCIÓN VIAL Nº 147

TABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN TABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: TABOI

Núcleo/lugar: TABOI

Lindeiros: Linda ao Norte, camiño público; Sur, leste e oeste; finca matriz (parcela 708 do polígono 5).

SUPERFICIE: 144 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Escritura de segregación y cesión para viales públicos de fecha de 28 de diciembre de 2012, expedida por el notario jaun J. López Yánez, con número de protocolo 3665.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: en trámites de inscripción.

PORCIÓN VIAL Nº 148

TABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN TABOI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: TABOI

Núcleo/lugar: TABOI

Lindeiros: Linda Norte, finca matriz; Sur e Este, camiño; e Oeste, Parcela número 2 procedente do mesmo terreo.

SUPERFICIE: 156 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 28 de novembro de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta”

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4. APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

O Alcalde expón que o motivo do presente punto da orde do día é o de atender a unha recomendación da Xunta de Galicia segundo a cal as normas reguladoras do prezo público pola prestación do servico de axuda no fogar deberían estar recollidas nun texto normativo diferente ao do regulamento do servico.

Polo tanto, tráese ao Pleno a aprobación da presente ordenanza, que transcribe literalmente a obriga de copagamento xa recollida no regulamento do servico aprobado no ano pasado, e que quedaría como segue:

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR

Art. 1.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co 41 do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servico público municipal de axuda no fogar.

Art. 2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigadas ao pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas usuarias da prestación do servico de axuda no fogar, nos termos establecidos na Ordenanza Municipal do Servico de Axuda no Fogar así coma na normativa autonómica vixente en cada momento.

A obriga de pagamento nace dende o momento en que se inicie a prestación do servizo.

Art. 3. Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo.

1. Persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar:

a.-A capacidade económica das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido de atención mediante o servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuxe e a existencia de persoas conviventes economicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica observaranse os criterios e regras dispostos na Resolución do 2 de decembro de 2008 da Secretaría de Estado de Políticas Sociais, Familia e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía Persoal e Atención á Dependencia sobre determinación da capacidade económica do beneficiario e sobre os criterios de participación deste nas prestacións do dito sistema, así como ás normas regulamentarias promulgadas pola Xunta de Galicia que incorporen aquelas regras ao sistema galego de servizos sociais.

b. O resultado do cálculo da capacidade económica correspondente ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar constará na resolución do plan individualizado de atención que se resolva en cada caso de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

2. No servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrència a capacidade económica calcularase de acordo co establecido no decreto 99/2012, que se reflicte a continuación:

- Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considérase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2. da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

- Computarase así mesmo o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos enténdese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoración recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberán terse en conta as exencións que prevé a Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.

- A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas á alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

3.- Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

4.- Estes datos deberán actualizarse anualmente mediante a presentación da documentación nas oficinas dos servizos sociais municipais.

Art. 4.- Contía.

1.- A contía do prezo público regulado nesta ordenanza fixarase de conformidade coas porcentaxes contidas no apartado seguinte. A súa determinación ou liquidación realizarase no momento do inicio da prestación do servizo polo órgano municipal competente, previo informe do/a traballador/a social.

a) Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido, usuarias do servizo de axuda no fogar.

1. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2. Nos demais supostos, para facer efectiva a obriga das persoas usuarias de participar no custo do servizo, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Capacidade económica (referida ao IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior ou igual ao 100% do IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Maior do 100% e menor ou igual ao 115% do IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Maior do 115% e menor ou igual ao 125% do IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Maior do 125% e menor ou igual ao 150% do IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Maior do 150% e menor ou igual ao 175% do IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Maior do 175% e menor ou igual ao 200% do IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Maior do 200 % e menor ou igual ao	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%

	Grao I		Grao II		Grao III	
	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
215% do IPREM						
Maior do 215 % e menor ou igual ao 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Maior do 250 % e menor ou igual ao 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Maior do 300 % e menor ou igual ao 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Maior do 350 % e menor ou igual ao 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Maior do 400 % e menor ou igual ao 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Maior do 450 % e menor ou igual ao 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500% do IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

3. Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención ao número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de prestación concorrente con outro servizo as horas efectivamente prestadas sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4. En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

b) Participación das persoas usuarias no financiamento do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia no que se aplica o copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, establécese a seguinte táboa:

FAMILIAS DUN SO MEMBRO

Capacidade económica	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	20 %

Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 2 IPREM	40 %
Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,50 IPREM	70 %
Maior de 2,5	90 %

FAMILIAS DE MÁIS DUN MEMBRO

Capacidade económica	Participación no custo do servizo de SAF básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	30 %
Maior do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 2 IPREM	50 %
Maior do 2 do IPREM e menor ou igual a 2,50 IPREM	70 %
Maior de 2,5	90 %

2. Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que na situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar concorran circunstancias de desestruturación familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3. Para o caso de servizos distintos aos referidos nos puntos 1) e 2) deste artigo e susceptibles pola súa natureza de incorporar un copagamento, o concello establece sistemas de participación das persoas ou unidades de convivencia de conformidade co seguinte:

a) O servizo prestarase de formas gratuíta naqueles casos en que a capacidade económica, calculada segundo o disposto no artigo 18, do regulamento do servizo municipal de axuda no fogar, resulte igual ou inferior ao 80% do indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

b) Para o resto dos supostos establececese unha regulación progresiva de participación económica no custo do servizo que terá en conta a capacidade económica dos usuarios, que varia dende o 0 % ata un 90 % da súa participación, diferenciando unidades familiares dun so membro ou unidades familiares de máis dun membro.

4. O custo do servizo se expresará en euros/hora de prestación ao beneficiario, e se fixará pola Xunta de Goberno Local do Concello, tal e como dispón o artigo 47 do Real

Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

5. En calquera caso establécese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

6. Para o cálculo do custo do servizo se terán en conta a totalidade dos gastos vencellados de xeito directo á prestación do servizo (custos salariais e seguridade social, suministros, custes de administración imputables ao servizo.. etc.). A suma de ditos custos se dividirá entre a totalidade de horas efectivamente prestadas no eido temporal ao que veñen referidos os custos.

Artigo 5.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

O Servizo de Axuda no Fogar financiarase con cargo ó orzamento municipal, coas achegas da Comunidade Autónoma, da Deputación Provincial si houbese e maila achega das persoas usuarias para a súa participación no custo do servizo, de conformidade co artigo 56.1 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.

O Concello establecerá no orzamento anual a cantidade correspondente para o desenvolvemento do servizo.

Art. 6.- Normas de xestión.

1.- As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse mensualmente polo Concello.

2.- O pago do prezo público realizarase polos obrigados ao mesmo mediante domiciliación bancaria. O concepto da orde de domiciliación bancaria expresará, a lo menos, o importe a pagar así coma o número de horas liquidadas.

Art. 7.- Obrigación de pago.

1. O devengo dos prezos públicos regulados neste acordo xurde o día en que se inicie a prestación do servizo, debéndose facer efectivo con periodicidade mensual durante a primeira quincena do mes seguinte.

2. O concello formulará mensualmente un padrón no que reflectirá o prezo correspondente a cada usuario en función das horas de servizo efectivamente prestadas. No servizo de axuda do fogar a persoas dependentes considéranse horas efectivamente prestadas aquelas que consten como tales nos partes de traballo asinados conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención.

3. A primeira liquidación será notificada ao interesado, as sucesivas liquidacións serán entregadas na entidade bancaria en onde se atope domiciliado o pago durante a primeira quincena do mes seguinte.

4. As débedas do prezo público regulado nesta ordenanza poderanse esixir polo procedemento administrativo de constrinximento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Namentres a Xunta de Goberno non determine un novo custo por hora do servicio, este virá fixado en 11 euros/hora. Esta contía, así coma as sucesivas determinadas pola Xunta de Goberno Local, se actualizarán anualmente ao IPC calculado polo INE a 31 de decembro.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A presente ordenanza entrará en vigor e será de aplicación a partir da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e logo de transcorrer o prazo ao que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, e manterá a súa vixencia ata que se aprobe a súa modificación ou derogación”.

Os voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG remítense ás posicións en contra da aprobación expresadas no Pleno no que se tratou a aprobación do regulamento do servicio, xa que o réxime de copagamento é idéntico.

Non xurdindo máis debate, sométese a votación a aprobación inicial da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servicio de axuda no fogar.

Realizada a votación, a ordenanza resulta aprobada inicialmente con oito votos a favor e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

5. ASUNTOS DE URXENCIA

A continuación, o Alcalde plantexa a necesidade de tratar un asunto de urxencia non incluído na orde do día e, logo que se refire a un asunto persoal do concelleiro don Serafín Vázquez Arias, dálle a palabra para xustificar a urxencia.

Serafín expón que o día 25 de febreiro presentou a renuncia á súa condición de concelleiro que trae causa de motivos persoais que exporá máis adiante.

A urxencia a xustifica na necesidade de facer efectiva con rapidez unha decisión que leva meditado dende fai tempo e, deste xeito, non perturbar o normal funcionamento do Concello.

Sométese a votación a urxencia do asunto.

Realizada a votación, a urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o concelleiro Serafín Vázquez Arias expón que os motivos da súa renuncia son de natureza estritamente persoal, xa que leva moitos anos exercendo como concelleiro e un correcto exercizo do cargo esixe dunha continúa e intensa adicación que lle dificulta atender debidamente outros aspectos da súa vida persoal. Recentemente, e co gallo de poderse adicar un pouco máis a súa casa e a súa nai e o seu tío, de avanzada idade, solicitou un cambio do seu destino como funcionario, o que lle acarreo unha rebaixa sustancial do seu salario. Coa renuncia pretende afondar na adicación e coidado á súa familia ao tempo que dar entrada a xente nova con novas forzas e ilusións.

Remata a súa intervención agradecendo a todos os membros da corporación a súa labor e as boas relacións persoais mantidas en todo momento e insta ao equipo de goberno que sega a loitar polo ben do Concello e aos membros da oposición que realicen unha oposición rigurosa e constructiva.

Tamén agradece aos funcionarios o trato que lle dispensaron dende sempre.

O Alcalde manifesta o seu respecto pola decisión de Serafín, se ben considera que o Concello perde un excelente concelleiro e un bo loitador polos intereses xerais dos veciños, e lembra os anos nos que traballaron a carón nos que se forxou unha forte amizade. Asemade, sulíña coma unha das súas virtudes a capacidade para manter unha boa relación persoal cos veciños e membros da corporación, así coma a intensidade da súa adicación a condición de concelleiro, o que considera moi importante especialmente nos tempos que corren.

E afirma que, se ben non desexa aceptar a renuncia, o peso das razóns esgrimidas por Serafín e o respecto a súa vontade lle obriga a solicitar aos membros da corporación a súa aceptación.

Pola súa banda, os concelleiros do PSdG-PSOE e do BNG sinalan a boa relación persoal mantida en todo momento con Serafín e lle desexan sorte na súa nova etapa.

Tras as intervencións dos diversos concelleiros, sométese a votación a toma de razón do escrito de renuncia a súa condición de concelleiro presentada por don Serafín Vázquez Arias, con data de rexistro de entrada de 25 de febreiro de 2013.

Realizada a votación, a renuncia é aceptada pola unanimidade dos membros presentes.

6. PREGUNTAS

A solicitude do Alcalde, o Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 28 de febreiro de 2013, e do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como portavoz de Grupo Municipal de BNG, no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Por medio de una pregunta no pleno ordinario de 28 de outubro de 2011, o Grupo Municipal do BNG, solicita á Alcaldía, que defina o seu posicionamento diante de dúas sentencias, relacionadas coa posible nulidade da reparcelación do sector RA-49.

Contesta o señor secretario, que o único que conseguiu o afectado no seu día, é que se lle calificase a parcela como litixiosa, pero en ningún momento, anular a reparcelación.

En sentenza 105/12, no Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, intase ó Concello que inicie un expediente de revisión.

Posteriormente, o Concello, interpón recurso de apelación a dita sentenza, no Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Este tribunal, en sentenza 01050/2012, desestima este recurso de apelación, confirmando a sentenza 105/12 do 18 de Abril, así como o pago de costas.

PREGUNTAS

1. Ten iniciado o Concello, esta revisión do plan RA-49, instado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza?

2. A canto ascende o importe, que ten que pagar o Concello de Outeiro de Rei como consecuencia da condena en costas, recollida na dita sentenza.

3. Ante a situación creada por esta sentenza, e tendo en conta a posible aparición de outras diversas no mesmo sentido. Ten o señor Alcalde calculadas e cuantificadas, as consecuencias de tal eventual nulidade do sector RA-49, tanto para o propio Concello de Outeiro de Rei, coma para os vecinos propietarios da urbanización de Triacqua? ”.

En tanto as preguntas teñen un indudable contido xurídico, o Alcalde solicita ao Secretario que informe sobor as cuestións plantexadas nas mesmas.

O Secretario informa que as sentencias citadas instan ao Concello a tramitar -sen prexulgar o resultado- o expediente de revisión de oficio da reparcelación do RA-49 aprobada no ano 2004 (non da reparcelación aprobada no ano 2009). Advirte que a revisión de oficio que se insta recae sobor un expediente de reparcelación que xa perdeu vixencia coma consecuencia da ulterior aprobación dunha nova reparcelación resultado da substitución do sistema de actuación, polo que aínda de estimarse procedente carecerá de efecto xurídico e práctico algún.

Asemade, sinala que dita sentenza recae sobor a solicitude de revisión dun expediente de reparcelación, non do plan do RA-49 coma se afirma no escrito de preguntas, que son cousas moi diferentes.

En relación aos restantes procesos en marcha, os efectos de unha eventual estimación consistirían na necesidade de formular unha nova reparcelación e, consecuentemente, nun novo reparto das cargas entre os propietarios.

No tocante ás costas procesais, carece do dato nestes intres, pero lle facilitará o importe cando dispoña del.

A solicitude do Alcalde, o Secretario dá lectura, en viva voz, do escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 28 de febreiro de 2013, e do seguinte teor literal:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito ó Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS ó Equipo de Goberno, con relación ó punto da Orde do Día do Pleno da data:

1.- *¿Pode explicar o Sr. Alcalde a situación na que se atopa a “Ponte Nova”, que comunica os Concellos de Outeiro de Rei e Cospeito, na parroquia de Taboi?.*

2.- *¿Qué medidas se tomaron no seu día para o seu normal funcionamento?*

3.- *Segundo o seu estado actual, e os conseguintes perxuizos que xenera ao tránsito de vehículos e persoas, ¿Qué medidas inmediatas se pretenden adoptar?*

4.- *Respecto á urbanización da PALLOZA, ¿Pode explicar en qué estado e en qué fase se atopa actualmente?. Pode explicar si seguen moitos veciños aínda con luz de obra.”*

O Alcalde resposta que a “*Ponte Nova*”, se atopa parcialmente derruída, se ben en tanto pertence ao termo municipal de Cospeito o Concello de Outeiro de Rei non é quen de actuar sobre ela. A este respecto xa lle trasladou ao Alcalde de Cospeito a necesidade de arranxala, e agora só cabe esperar de que se amañe coa máxima prontitude posible.

Polo que respecta á urbanización A Palloza, os proxectos de urbanización xa se remataron, polo que procede iniciar a formulación da reparcelación. Non obstante, este asunto ten que ir ao seu ritmo debido, xa que deben aclararse certos temas de propiedade e, por outra banda, o custe da urbanización vai dificultar o seu financiamento polos propietarios.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión sendo ás trece horas e cincuenta e cinco minutos da que eu, Secretario, estendo a presente acta co visto e prace do Alcalde.

O Secretario

VºBº; O Alcalde